



Nº 5

E V I S T A O R A L

Sábado, 27 de setembro de 2008 Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar e a Rede Museística da Deputación de Lugo. Hora: 19 horas. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: tatata. Duración aprox.: 1,30 h. Imaxe: Antonia Magide. Coordina: Antonio Reigosa.

SUMARIO

Portada musical

Tema: *Openig / Vals de Pardiñas*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Propostas culturais: Fotografía

Vilacampa, 2007, por Olga Osorio. (10')

Música

Tema: *Preparata*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Poesía

Memoria da infancia., por **Xoán Neira (5')**

Música

Tema: *Rumbalska*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Conversas de mar

As mareas da Mariña, por **Mª José Crecente (8')**

Música

Tema: *Angurias*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Poesía

Do íntimo, por **Xoán Neira (5')**

Música

Tema: *Xota coxa*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Conversas de mar

O Museo Provincial do Mar e a Maruxaina, por **Mª José Crecente (10')**

Música

Tema: *Portopolka*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Poesía

Neste mar do abrente, por **Xoán Neira (5')**

Exposición

Celso Dourado. Procesos, por **Celso Dourado (10')**

Música

Tema: *Sacho in extremis*.

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *A cova da serpe*

Intérpretes: **Clan Maragato (3')**

COLABORAN NESTE NÚMERO

Clan Maragato

Clan Maragato nace no 2003 co obxectivo de xuntarse, tocar e pasalo ben. A maioría dos componentes veñen do Grupo Mistura, de Lieiro, onde moitos xogaron entre gaitas, tamborís, bombos e panderetas. Estudos, inquedanzas, músicas, xogos, cursos, culturas..., pero sobre todo, a festa, xuntou a estas xentes. O estilo musical é folk, áinda que cabe aclarar que de folk só ten a base (a veces nin iso), porque en realidade Clan Maragato fusiona rock, pop, heavy e ata flamenco nas súas composicións. Desde os seus inicios levan actuado en San Ciprián, Cervo, Ferrol, Vilalba, Lugo, Coruña..., onde lle deixaron. Os músicos que integran o grupo son: **Alicia**, pon a voz nos temas cantados. Toca o teclado en gran parte dos temas, e a percusión nos que lle deixan..., tocando a darbouka ou poñendo enerxía na pandereta. **Julián**, solista coas flautas e o whistle, gaiteiro de primeiras e segundas voces, agárrase ó acordeón tódalas veces que pode, ponlle sabor ó piano... é compositor de moitos dos temas do grupo. **Rodrigo**, gaiteiro por excelencia, dialoga coas flautas e bracea no acordeón. Tamén é autor de moitos temas do grupo. **Jacobo**, más ben, Hardcobo, dandolle caña ó baixo. Ponlle o punto heavy ós maragatos. **Pla**, guitarrista indispensable. Dende o rock á bossa ou ó funky, se ten que percutir, non o dubida. **David Torreiro**, moito gusto! Congas, djembé, darbouka... Percusionista potente! Canta, baila, toca a gaita... e o que se poña por diante! **Sebas**, ponlle o punto co caixón rumbeiro, e potencia co "bombo inferno". **Ricardo**: percusión tradicional brutal! Tamboril, bombo, pandereta... Busca o son coa caixa, chaston, maracas... Non lle deixan coller a gaita ata o final!

Creciente García, M^a José

Nacín en Lugo o 20 de abril do 1979. As visitas das fins de semana ás casas dos meus avós en Bazar e A Ponte de Outeiro (Castro de Rei), o patio do colexio e o xardín da casa dos meus pais en Lugo, fixeron que o contacto coa natureza forme parte dun dos praceres máis salientables da miña vida. A educación que recibín na casa e no colexio, conseguiron que o respecto ás persoas e á natureza sexa unha das claves da miña personalidade. A rebeldía alegre da miña adolescencia, levoume a decidir no instituto que quería estudar Bioloxía; cara unha orientación no Mar e nos Océanos. Esta ilusión pola Bioloxía Mariña, xorde de tódolos momentos intensos en familia e amizade nas nosas costas: no piso da Coruña, nos campamentos de xordos en Pontevedra coa miña nai de profesora, nos campamentos de vela e piragüismo da Xunta de Galicia, na casa do meu primo e da súa muller en Tapia de Casariego e Ribadeo...etc. Pero malia que me gusta que chova e faga vento para que o mar bata coas rochas e os cantís, e que as árbores medren verdes, tamén me apaixona o confort e a tranquilidade que me dan os museos cando fai mal e bo tempo. Por iso, a miña gratitudine por formar parte dunha rede museística que aporta, gratuitamente, información e bo trato. E de facer

realidade o meu soño de vivir nunha casa a carón do mar e traballar como licenciada en Bioloxía Mariña.

Dourado, Celso

Barreiros (Lugo, 1960). Aos 8 anos sofre un accidente que lle amputa as dúas mans, feito que marca a súa existencia e a propia obra. Realiza estudos de arte en Madrid, Lugo e A Coruña. Expón con regularidade a partir dos oitenta e colabora como ilustrador nalgúns publicacións. A finais desta década inicia un proxecto que lle ocupará varios anos e que consiste na creación dune espazo persoal realizado con materiais de refugallo na súa maior parte; albergará vivenda, obradoiro e unha exposición permanente. A súa obra caracterízase pola utilización da figuración realista, na que as mans son protagonistas. Réndeselle un culto especial á LIÑA en detrimento da cor. Salienta o emprego de técnicas non habituais como o PIROGRAVADO ou as BOLIGRAFÍAS (grafías feitas a bolígrafo).

Neira, Xoán

Nace en Meilán (Lugo) nas beiras do Miño onde pasa a súa infancia. Desde 1982 vive na beiramar norte, en Viveiro, traballando de mestre no colexio Lois Tobío. Membro fundador do Seminario de Estudos "Terra de Viveiro" co que participa en publicacións colectivas e outras actividades. Colabora en *El Progreso-A Mariña* e No *Heraldo de Viveiro*. Publica poemas en revistas: Guieiros, Lúa Nova, Saudade, A Xanela, A Casa da Gramática e Xistral entre outras e en libros colectivos: Coroa literaria para Roberto Blanco Torres contra a súa morte, Alma de beiramar, Negra Sombra contra a marea negra, Homenaxe á Ánxel Casal, Uxío Novoneyra. A emoción da terra, homenaxe poética ao trobador Xohán de Requeixo, O traque da Quenlla... Premiado en distintos certames de poesía: Meigas e Trasgos (Sarria), Concello de Vilalba (en tres ocasións), Rosalía de Castro de Barcelona... e nos de xornalismo Reimóndez Portela (A Estrada) e Begonte e o Nadal, tamén en tres ocasións. É autor dos libros de poemas: **Memoria e soño** (1996), **Nas varandas do abrente** (2000), **Ás catro augas** (2004) e **Linguaxes** (2005) en colaboración co artista plástico Otero Regal. En poesía infantil ten publicados os poemarios: **Recreos**, musicado por Manuel Rodríguez, **Xiz de cor e Farrapos de nube**.

Osorio, Olga

Profesora de Narrativa Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de A Coruña e de Procesos e Medios de Comunicación no IES Imaxe e Son de A Coruña, Naceu en Lugo no ano 1972. Licenciada en Periodismo pola Universidad Complutense de Madrid, traballou de 1994 a 2000 en diversos medios de comunicación galegos antes de adicarse á docencia. Obtivo varios premios, entre os que destaca o I Concurso de Proyectos de Creación Fotográfica sobre o Mar de Galicia, do que xurde a serie **Reflexións**, que estivo exposta en diversas salas galegas e se publicou e forma de libro na colección Do Trinque.